

INFORMACIÓN SOBRE O PLAN DE TRABALLO PROPOSTO PARA A SUPERACIÓN DAS MATEMÁTICAS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR

O Departamento de Matemáticas do IES Castelao inclúe na súa programación didáctica un plan de traballo para recuperar a materia de Matemáticas que o alumnado teña suspensa de cursos anteriores ao actual. Durante a última semana de setembro, a información sobre este plan de traballo entregouse ao alumnado de ESO polos seus respectivos profesores de Matemáticas e ao alumnado de Bacharelato pola xefa de departamento de Matemáticas e nela incluíase unha carta dirixida aos seus pais/nais/titores legais cun xustificante de recepción que o alumnado de ESO debe entregar ao seu profesor de Matemáticas e o alumnado de Bacharelato á xefa de departamento.

Á devandita carta, adxuntábanse as follas nas que se detallan os contidos incluídos nesa materia do curso pasado, as actividades propostas (referidas ao libro de matemáticas do curso pasado), o calendario de entrega de exercicios e os criterios de avaliación e cualificación. Entre estes últimos, é importante destacar que a realización e entrega dos exercicios propostos contará un 20% da nota final e que a proba escrita contará un 80%.

As datas límite de entrega dos exercicios propostos para o alumnado de ESO son as seguintes:

Exame	PRIMEIRA PARTE					SEGUNDA PARTE				
TEMA DO LIBRO	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
DATA LÍMITE	17-out	7-nov	28-nov	19-dec		23-xan		20-febreiro		20-marzo

E para o alumnado de Bacharelato, as datas límite de entrega son:

Exercicios para entregar	Exercicios modelo de exame Temas 1 e 3	Exercicios modelo de exame Tema 4	Exercicios modelo de exame Temas 5 e 7	Exercicios modelo de exame Temas 8 e 9	Exercicios modelo de exame Temas 10 e 11	Exercicios modelo de exame Tema 12
DATA LÍMITE	30-outubro	28-novembro	19-décembro	30-xaneiro	13-febreiro	27-febreiro

O alumnado poderá entregar os exercicios antes da data límite para a súa corrección e cualificación pero non despois.

As datas concretas dos exames serán determinadas pola Xefatura de Estudos do centro pero estas datas estarán dentro dos seguintes períodos:

Para o alumnado de ESO:

1º parcial: entre o 9 e o 16 de xaneiro de 2015

2º parcial: entre o 8 e o 15 de abril de 2015

Final: entre o 25 e o 29 de maio de 2015

Para o alumnado de Bacharelato:

1º parcial: entre o 9 e o 16 de xaneiro de 2015

2º parcial: entre o 16 e o 20 de marzo de 2015

Final: entre o 24 e o 30 de abril de 2014

Así mesmo, o alumnado con matemáticas pendentes foi informado de que pode consultar as súas dúbidas sobre estas materias aos seus profesores de matemáticas, cando estes podan atenderlles, ou a xefa de departamento no seguinte horario:

xoves, de 17.45 horas a 18.45 horas.

Esperamos sinceramente que estas propostas sirvan para axudar ao alumnado do IES Castelao a superar as matemáticas pendentes do curso anterior.

Vigo, 1 de outubro de 2014

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS